

**NOTIFICACIÓN**

<b>Expediente</b>	<b>2018021896</b>
<b>Asunto</b>	<b>Aprobación da realización dos “Obradoiros pola igualdade” curso 2018-2019</b>

A concelleira delegada titular da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller, aprobou o día 14.09.2018, a seguinte resolución:

“Examinado o informe proposta elaborado polo negociado Igualdade e Xuventude con data 07.09.2018, que literalmente di :

“A Concellería de Igualdade e Muller asinou o día 2 de novembro de 2017 un contrato coa empresa SENES CIT, SL con CIF núm. B15724719 para a realización do Lote 2 do contrato de servizo para a organización, coordinación e execución do programa “Obradoiros para a igualdade” (Expte.: AV 04203 17/07.

A Concellería de Igualdade e Muller asinou o día 31 de xaneiro de 2018, un contrato coa empresa SERVIZOS DEPORTIVOS GALICIA, SL con CIF B15261167 para a realización do Lote 1 do mesmo contrato mencionado.

Para o inicio do curso 2018-2019, a Concellería ao abeiro de ditos contratos, poñerá en marcha os seguintes obradoiros:

**A) Grupos de obradoiros:**

- Obradoiros para o desenvolvemento persoal
- Obradoiros para a promoción da actividade física na muller adulta
- Obradoiros para o desenvolvemento de habilidades cognitivas
- Alfabetización dixital

	<b>ACTIVIDADE</b>	<b>LUGAR</b>	<b>DÍA</b>	<b>HORARIO</b>
	Coro e canto	Casa da Muller	Xoves	20:30 – 21:30
	Mindfullnes	Casa da Muller	Mércores	19 – 20
	Ximnasia de mantemento	Esteiro	Mércores	10 – 11

	Ximnasia de mantemento	Ensanche	Luns	11-12
	Ximnasia de mantemento	Juan de Lángara	Xoves	19:30 – 20:30
	Ximnasia de mantemento	Juan de Lángara	Xoves	20:30 – 21:30
	Ximnasia de mantemento	Recimil	Mércores	19 – 20
	Ximnasia de mantemento	Recimil	Mércores	20 – 21
	Ximnasia de mantemento	San Pablo	Luns	17:30 – 18:30
	Zumba	Juan de Lángara	Mércores	19:30 – 20:30
	Zumba	Juan de Lángara	Mércores	20:30 – 21:30
	Zumba	Ensanche	Mércores	11 - 12
	Memoria	Casa da Muller	Luns	11:30 - 13:00
	Memoria	Casa da Muller	Xoves	11 – 12:30
	Informática	Biblioteca	Luns	11 – 12
	Informática	Biblioteca	Luns	12 – 13
	Informática	Biblioteca	Luns	16 - 17
	Informática	Biblioteca	Luns	17 – 18
	Informática	Biblioteca	Martes	11 – 12
	Informática	Biblioteca	Martes	12 – 13
	Informática	Biblioteca	Martes	16 - 17
	Informática	Biblioteca	Martes	17 – 18
	Informática	Biblioteca	Mércores	11 – 12
	Informática	Biblioteca	Mércores	12 – 13

	Informática	Biblioteca	Mércores	16 - 17
	Informática	Biblioteca	Mércores	17 - 18
	Informática	Biblioteca	Xoves	11 - 12
	Informática	Biblioteca	Xoves	12 - 13
	Informática	Biblioteca	Xoves	16 - 17
	Informática	Biblioteca	Xoves	17 - 18
	Informática	Pazos	Luns	19:30 - 20:30
	Informática	Santa Mariña	Venres	19 - 20
	Informática	ARUME	Venres	10 - 11

## B) Obradoiros do empoderamento feminino:

	ACTIVIDADE	LUGAR	DÍA	HORARIO
	Inglés	Casa da Muller	Martes	10 - 12
	Inglés	Casa da Muller	Martes	16:30 - 18:30
	Inglés	Casa da Muller	Venres	10 - 12

Polo exposto, propónselle a concelleira delegada da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller o seguinte:

**Primeiro.-** Aprobar a realización dos obradoiros pola igualdade para o curso 2018-2019.

**Segundo.-** Aprobar os criterios que se terán en conta para a selección e desenvolvemento dos obradoiros :

1.- O profesorado que realice os obradoiros contará cos debidos requisitos de titulación, experiencia e formación.

2.- Será requisito imprescindible que as mulleres estean empadroadas no Concello de Ferrol.

3.- Para os obradoiros estableceranse os seguintes mínimos de participantes:

Os obradoiros que se realicen de outubro de 2018 a maio de 2019 en polideportivos ou en centros educativos, terán que contar cun mínimo de 20 persoas para mantelos activo.

O resto de obradoiros que se realicen de outubro de 2018 a maio de 2019, terán que contar cun mínimo de 10 persoas para mantelos activos.

O Departamento de Igualdade e Muller poderá suspender as actividades que estime oportunas en función do baixo número das inscricións, así como manter aqueles que con número inferior de participantes se considere de interese social.

4.- Os obradoiros levaranse a cabo en edificios públicos e en aquelas entidades da localidade que autoricen o uso das súas instalacións.

5.- Os obradoiros realizaranse en días lectivos, de luns a venres, de mañá e tarde. Por motivos de interese público, poderanse realizar tamén os sábados.

Os horarios estableceranse nas seguintes franxas horarias:

- De mañá: Dende as 9:00h ás 13:30h
- De tarde: Dende as 16:00h ás 21:30h.

6.- As mulleres que desexen participar deberán formalizar unha solicitude que estará a súa disposición no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web municipal [www.ferrol.es](http://www.ferrol.es) (Sede electrónica/Taboleiro de Anuncios) unha vez se abra o prazo de inscrición.

Deberá presentarse unha soa solicitude por cada muller e nesa solicitude só poderá sinalar unha opción (unha muller, unha actividade).

As mulleres que elixan un obradoiro de inglés, poden optar tamén aos obradoiros ofertados no apartado A).

A persoa que sinale máis dunha opción, quedará excluída da participación en calquera dos obradoiros.

O período de inscrición será de 10 días naturais, contados dende o día seguinte a data de publicación desta Resolución na páxina web do Concello.

Excepcionalmente, poderanse inscribir fóra de prazo, aquelas persoas que veñan derivadas do Centro de Información á Muller, Casa de Acollida e os Servizos Sociais municipais.

7.- O criterio de admisión será mediante rigorosa orde de entrada no Rexistro Xeral Municipal.

8.- Elaborarse unha listaxe de persoas seleccionadas que será publicada e poderá ser consultada na páxina web do Concello [www.ferrol.es](http://www.ferrol.es) (Sede electrónica/Taboleiro de Anuncios).

As mulleres que non obteñan praza, quedarán nunha listaxe de agarda que tamén será obxecto de publicación. Coa listaxe darase coñecemento do día de comezo do obradoiro.

9.- A ausencia reiterada e inxustificada de 3 días consecutivos ou 5 alternos, dará lugar á exclusión automática da alumna no obradoiro, dando cabida, por orde de inscrición, ás inscritas na listaxe de agarda.

10.- As mulleres deberán asinar todos os días unha folla de asistencia, para que quede constancia da súa presenza.

“

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

**Decreto.-** Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Casa do Concello,

O secretario xeral